

O tesouro do Félix Caballero Casqueiriño



O autor



Félix Caballero

Félix Caballero naceu e criouse en Logroño, A Rioxa, terra coñecida polos seus excelentes viños, pero vive e traballa en Galicia desde hai máis de trinta anos, polo que se considera tan galego como rioxano, malia non ter sangue galega. Estudou xornalismo e traballou en varios xornais, que axiña lle quedaron pequenos, e púxose a escribir libros. Este é xa o trece, mal número se cremos aos supersticiosos, mais el non o é. Gústalle moito o humor e intenta exercelo e, sobre todo, estudalo, porque falar de como facer rir é máis doado que facer rir. Neste sentido, é autor dos ensaios *A retranca* e *O humor galego alén da retranca*, dunha longa entrevista a Siro sobre a caricatura, dunha mono-

grafía sobre o debuxante Xaquín Marín e de dous libros de conversas con humoristas gráficos galegos. *O tesouro do Casqueiriño* é a súa primeira incursión na literatura infantil e xuvenil, e está inspirado nas vivencias dun seu afillado, e é un tributo a Palmeira, a parroquia de Ribeira que descubriu, e á que vai cando pode, para baleirar a cabeza das preocupacións cotiás e enchela de beleza e sosego.



Evaristo Pereira o ilustrador

naceu en Vigo en 1959. A súa afección polo debuxo vénlle de moi neno, na escola. No ano 1973 estuda debuxo na Escola de Artes e Oficios e 1975 xa colabora facendo carteis de ventos culturais no instituto. Incorporárase ao mundo profesional en axencia de publicidade locais e nacionais a partir de 1977, traballando en grandes campaña publicitarias. Foi colaborador do *Faro de Vigo* e traballou en Variografik con Carlos Núñez, *Le Vieux*, en proxectos de deseño publicitario. Ilustrou libros infantís e de historia para varias editoriais galegas. É colaborador do Instituto de Estudos Vigueses.



Contexto e xénero literario

O desenvolvemento da historia ten lugar nun contexto realista, encadrado no tempo actual.

Os ambientes e os escenarios son reais: lugares todos da parroquia de Palmeira e da súa contorna, no concello de Ribeira: a praia do Baluarte, o Casqueiriño, o Castelo, a Congostra da Carballa, a Pedra das Cabras, a Pedra da Ra, o Castro da Cidade... Pero teñen un halo de maxia e misterio que lles deron o paso do tempo e as lendas xurdidas arredor deles.

Os personaxes da novela son rapaces tan normais coma ti e os teus amigos, e adultos tan comúns como os teus pais ou os pais dos teus amigos.


Argumento e temas

As vacacións de verán na praia teñen sempre a súas aventuras, pero Rasul e os seus amigos non poderían imaxinar nunca que se verían inmersos nunha coma esta: a procura dun tesouro agochado no Casqueiriño –diante dos seus nariques– hai milleiros de anos polos “mouros”, eses seres mitolóxicos que disque construíron todas as grandes construcións de pedra que hai por Galicia, desde os penedos ata os castros.

Aínda que todos din que son contos de vellas, polo si ou polo, non póñense en marcha para tentar procurar o tesouro. Guiados por *O Ciprianiño*, un vello libro atopado por un deles na casa de aldea dos seus avós, e que os labregos tiñan por máxico noutro tempo, explorarán algúns dos lugares máis misteriosos da contorna, como a Congostra da Carballa, a Pedra das Cabras, a Pedra da Ra e o Castro da Cidade. Nesta viaxe descubrirán un anaco da historia e da paisaxe da zona e, sobre todo, o valor da amizade.



INTERCULTURALIDADE



HISTORIA



LENDAS



AMIZADE



MISTERIO



VACACIÓNS

Actividades previas á lectura

1º Rasul e a súa nai son unha familia monoparental. Sabes cal é a especificidade deste tipo de familia? Coñeces algunha?

2º Rasul é un neno vigués que naceu en Etiopía e foi adoptado por Elisa. Sabes onde está Etiopía? Que coñeces deste país? Coñeces algún neno adoptado?

3º Ian é un neno escocés. Que sabes de Escocia? Ten cousas en común con Galicia?

4º Os mouros son os protagonistas de moitas lendas tradicionais galegas. Coñeces algunha?

5º Oíras falar algunha vez de *O Ciprianiño*? Pregunta aos teus avós se sabían da existencia deste libro.

6º Viches algunha vez petróglifos *in situ*? Coñeces outros penedos famosos? Visitaches algún castro?

7º A procura do tesouro leva a Rasul e aos seus amigos á Congostra da Carballa. Coñeces outras corredeiras parecidas?

8º No libro fálase dos “americanos”, veciños de Ribeira que emigraron a EUA na procura dunha vida mellor. Hai na túa familia algunha historia relacionada coa emigración? Onde emigraron? Tes aínda parentes aí?

Actividades posteriores á lectura

O TÍTULO

- 1º O título dun libro debe ser suxestivo e atractivo para o lector.
- 2º Que che parece o título que se elixiu para o libro? Considéralo indóneo? Despois de ler o libro, como o titularías ti?

OS TEMAS

- 1º Son o celme da novela, o que o autor quere transmitir a través da trama e dos personaxes.
- 2º Que temas trata este libro? Podes atopar algún fragmento en que se identifique ben algún deles?
- 3º Ademais dos temas indicados nas etiquetas, engadirías algún outro?

OS PERSONAXES

- 1º Son as persoas que protagonizan a novela e arredor das que se constrúe a trama. Preséntanse a través das súas accións, do que din e do que pensan, e tamén polo que contan deles o narrador ou outros personaxes.
- 2º Que personaxes aparecen nesta novela? Cita os seus nomes. Cales considerarías principais e cales secundarios?
- 3º Poderías localizar algún diálogo no que creas que se defina claramente como son os personaxes principais?
- 4º Que opinas de cada un dos personaxes da novela? Con cal te identificas máis?

Guía didáctica

O NARRADOR

1º O punto de vista á hora de contar unha historia é decisivo para que funcione e resulte amena para o lector.

2º Quen é o narrador desta novela? Que tipo de narrador é?

3º Gustaríache que fose Rasul quen contase a historia? En que cambiaría?

O TRATAMENTO DO ESPAZO E DO TEMPO


1º O espazo é o lugar onde se desenvolve a trama da historia.

2º A novela ambiéntase en varias contornas naturais. Di cales son.

3º O tempo é a época en que transcorre a historia.

4º En que época histórica transcorre a trama da novela? E en que estación do ano? Acontece nun treito de tempo longo ou curto? ¿Por que?

Guía didáctica



árbore / a partir dos **10** anos

 @falamos.delibros

 @EdGalaxia

 @galaxiaeditorial

 www.editorialgalaxia.gal